



DATOS IDENTIFICATIVOS

Antropoloxía: Antropoloxía social e cultural

Materia	Antropoloxía: Antropoloxía social e cultural			
Código	O05G220V01101			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Prado Conde, Santiago			
Profesorado	Braña Rey, Fatima Prado Conde, Santiago			
Correo-e	chagopc@yahoo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia está concibida como unha introdución á antropoloxía social e cultural. O seu obxectivo fundamental é proporcionar os instrumentos de análise básicos sobre aqueles feitos socioculturais que se achan na base das competencias que se deberán alcanzar para desenvolver a profesión de traballador social.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
A2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
A8	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a existencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
A12	Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente a respecto da confianza, a proximidade, a afectividade, as relacións igualitarias, o respecto á diversidade cultural, etc
A13	Apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver; en especial, no caso de mulleres (maltratadas, coidadoras habituais de persoas dependentes, enfermas mentais e con outras incapacidades...) e considerando as peculiaridades de Galicia en tanto que é un país con alta dispersión da poboación, agrupación territorial moi diferenciada entre o rural e os espazos urbanos, territorios abandonados e alto envellecemento da poboación (existencia de maiores redes)
A14	Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
A18	Deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social
A19	Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
A20	Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades
A24	Contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade

A25	Xestionar e presentar historias e informes sociais manténdooos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais; con especial precaución a respecto do dereito dos usuarios e das usuarias á confidencialidade, ao segredo profesional e á protección de datos
A26	Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
A30	Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados
B1	Capacidade de análise e síntese
B6	Coñecemento da cultura propia da comunidade
B8	Capacidade de xestión da información
B9	Resolución de problemas
B13	Traballo nun contexto internacional
B15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
B22	Iniciativa e espírito emprendedor
B24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
1. Coñecer a antropoloxía social e cultural e as súas orientacións teóricas no contexto cultural actual.	A2 A18	B1 B8
2. Coñecer a natureza e trazos básicos da cultura humana.	A1 A8 A14	B1 B6 B13
3. Ser capaz de comprender as variadas estratexias de adaptación e económicas que aparecen nos diferentes contextos socioculturais.	A24 A26	B6 B9 B15
4. Ser capaz de comprender as variadas estratexias de adaptación aos distintos sistemas de familia e parentesco que aparecen nos diferentes contextos socioculturais.	A1 A2 A13	B6 B13 B15
5. Ser capaz de comprender as variadas estratexias de adaptación aos distintos sistemas políticos e de exercicio do poder que aparecen nos diferentes contextos socioculturais.	A12 A14 A20	B6 B13 B15
6. Ser capaz de comprender as variadas estratexias de adaptación aos distintos sistemas relixiosos e de pensamento que aparecen nos diferentes contextos socioculturais.	A8 A14 A25	B6 B15 B24
7. Ser capaz de analizar e comprender a diversidade de poboacións e grupos portadores de tradicións culturais diferentes.	A14 A26	B6 B15 B24
8. Recoñecer as transformacións e os cambios que veñen afectando o sistema de cultura popular de Galicia.	A8 A13 A19 A26	B6 B9 B24
9. Demostrar habilidades básicas para investigar e interpretar os elementos do sistema cultural de Galicia.	A2 A18 A30	B6 B22

Contidos

Tema	
1. A antropoloxía social e cultural: campo de estudo e orientacións teóricas	1.1. Concepto, obxecto e división da antropoloxía sociocultural. 1.2. Técnicas de investigación e orientacións teóricas da antropoloxía sociocultural.
2. Natureza e características da cultura	2.1. Concepto, trazos e niveis de cultura. 2.2. Conceptos afíns á cultura de relevancia antropolóxica.
3. Cultura e enculturación: a transmisión e a asimilación das tradicións culturais	3.1. Concepto, modos e límites da enculturación. 3.2. Mecanismos, axentes, medios e resultados da enculturación ou da socialización do individuo.
4. Estudo do sistema sociocultural humano: análise da estrutura económica, social, política, ideolóxica (relixión e pensamento) do sistema sociocultural humano	4.1. A estrutura económica do sistema sociocultural: os modos de produción, distribución e consumo de bens. 4.2. A estrutura social do sistema sociocultural: matrimonio, familia, parentesco e filiación. 4.3. A estrutura política do sistema sociocultural: sistemas políticos non centralizados e sistemas políticos centralizados. 4.4. A estrutura ideolóxica do sistema sociocultural: a maxia, a relixión e os sistemas de crenzas.

5. Antropoloxía e comparación: culturas, etnias e grupos étnicos e culturais	5.1. Etnias e minorías étnicas e culturais 5.2. Multiculturalismo, integración e identidade étnica
6. Grupos étnicos e culturais no Estado español	6.1. A experiencia intercultural en España: inmigrantes e refuxiados. 6.2. Minorías e grupos marxinados: xitanos, pobres etc. e grupos de marxinados no Estado español.
7. O sistema de cultura da sociedade galega	7.1. Os elementos do sistema de cultura de Galicia. 7.2. As unidades de organización social da sociedade galega. 7.3. Cultura e identidade do pobo galego.
8. Transformación e cambio do sistema de cultura tradicional de Galicia	8.1. A transformación dos elementos do sistema de cultura tradicional de Galicia. 8.2. Os cambios nas unidades de organización social e no modo de vida doméstico do pobo galego.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminarios	15	20	35
Titoría en grupo	4	15	19
Traballos tutelados	8	30	38
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	20	15	35
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminarios	Os seminarios versarán sobre actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permita profundar ou complementar os contidos da materia. Sempre que se considere necesario, empregaranse como complemento das clases teóricas.
Titoría en grupo	Nas titorías en grupo, o alumnado manterá entrevistas co profesor para o seu asesoramento no modo de resolver as actividades da materia e o proceso de aprendizaxe.
Traballos tutelados	Neste traballo tutelado, o/a alumno/a, de modo individual ou en grupo, deberá elaborar unha investigación sobre a temática da materia ou preparará seminarios, memorias, resumos de lecturas, conferencias etc. Trátase dunha actividade autónoma do/a estudante que inclúe a busca e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía e estruturación e redacción do informe final do tema a tratar no traballo.
Actividades introdutorias	Presentarlle ao alumnado a programación da materia Antropoloxía social e cultural.
Sesión maxistral	O profesor da materia presentará, en sesións maxistrais, as bases teóricas e as directrices de estudo do programa de Antropoloxía social e cultural, así como as directrices a seguir nos traballos de investigación en Antropoloxía sociocultural.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumnado da materia terá que realizar en grupo un traballo tutelado, que incidirá na realización dun proxecto de investigación e no que terá que estar presente de xeito claro a procura realizada, a recollida de información, o manexo e lectura de bibliografía, a estrutura e organización da información, a redacción do informe final e a bibliografía ben citada. As titorías en grupo son aquelas xuntanzas que o alumnado manterá co docente para o seu asesoramento no desenvolvemento das actividades teóricas e prácticas, e na construción dos traballos, tanto os individuais como os realizados en grupo.
Titoría en grupo	O alumnado da materia terá que realizar en grupo un traballo tutelado, que incidirá na realización dun proxecto de investigación e no que terá que estar presente de xeito claro a procura realizada, a recollida de información, o manexo e lectura de bibliografía, a estrutura e organización da información, a redacción do informe final e a bibliografía ben citada. As titorías en grupo son aquelas xuntanzas que o alumnado manterá co docente para o seu asesoramento no desenvolvemento das actividades teóricas e prácticas, e na construción dos traballos, tanto os individuais como os realizados en grupo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Seminarios	Os seminarios versarán sobre actividades enfocadas ao traballo de temas específicos. O alumnado realizará dúas probas de pregunta aberta e contabilizarase a asistencia e a participación.	30
Titoría en grupo	Nas titorías en grupo, os/as alumnos/as manterán entrevistas co profesor para o seu asesoramento no modo de resolver as actividades da materia e o proceso de aprendizaxe.	10

Traballos tutelados	No traballo tutelado o alumnado terá que preparar un traballo en grupo sobre unha temática ou fenómeno social relevante para o futuro traballador/a social e/ou preparará seminarios, memorias, resumos de lecturas, conferencias etc. Trátase dunha actividade autónoma do/a estudante e de posta en común co grupo. Inclúe a procura e a recollida de información, a lectura e o manexo de bibliografía, a estruturación e a redacción do informe final do tema tratado na investigación.	30
Sesión maxistral		
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Esta proba de avaliación das competencias adquiridas inclúe preguntas xerais de interrelación sobre aspectos concretos da materia do programa. O alumnado debe responder de xeito ordenado e tratar de interrelacionar distintos aspectos da materia.	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

OBTENCIÓN DA NOTA FINAL DO ALUMNADO ASISTENTE

A suma da porcentaxe obtida dos "Seminarios" e das "Probas de resposta longa, de desenvolvemento" terá que acadar o mínimo do 30%.

A suma da porcentaxe obtida dos "Traballos tutelados" e da "Titoría en grupo" terá que acadar o mínimo do 20%.

A suma dos dous apartados anteriores, despois de obter os mínimos, terá que chegar ao 50%.

AVALIACIÓN PARA ALUMNADO NON ASISTENTE

A avaliación para o alumnado non asistente consistirá na realización dunha proba escrita na data prevista no calendario de exames. Haberá que acadar o mínimo do 50% para superar a materia.

SEGUNDA CONVOCATORIA

As actividades/competencias/probas non superadas durante o cuatrimestre poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo, manténdose as puntuacións previamente conseguidas.

Bibliografía. Fontes de información

- BESTARD, J. e CONTRERAS, J. (1987), **Bárbaros, paganos, salvajes y primitivos**, Barcelona: Barcanova,
- BOHANAN, P. (1992), **Para raros, nosotros. Introducción a la Antropología cultural**, Madrid: Akal,
- BOHANNAN, P. e GLAZER, M. (1992), **Antropología. Lecturas**, Madrid: McGraw-Hill,
- BOIVIN, M., ROSATO, A. e ARRIBAS, V. (2004), **Constructores de Otredad. Una introducción a la Antropología Social y Cultural**, Buenos Aires: Universidad de Buenos Aires,
- DE LA CRUZ, I. (Coord.) (2002), **Introducción a la Antropología para la intervención social.**, Valencia: Tirant lo Blanch.,
- EMBER, C.R., EMBER, M. e PERGRINE, P. (2004), **Antropología**, Madrid: Pearson Educación,
- HARRIS, M. (1987), **El desarrollo de la teoría antropológica**, Madrid: Siglo XXI,
- HARRIS, M. (2006), **Introducción a la antropología general**, Madrid: Alianza,
- KOTTAKE, C. PH (1993), **Antropología. Una exploración de la diversidad humana, con temas de cultura hispana**, Madrid: McGraw-Hill,
- KOTTAKE, C. PH (2006), **Antropología cultural**, Madrid: Mac Graw Gill - Interamericana de España.,
- LISÓN TOLOSANA, C. (2004), **Invitación a la Antropología cultural de España**, Madrid: Akal.,
- Berdichewsky, B. (2002), **Antropología Social: Introducción**, Buenos Aires: Lom.,
- MARIÑO FERRO, X. R. (2000), **Antropoloxía de Galicia**, Vigo: Edicións xerais de Galicia,
- SAN MARTÍN, J. (1999), **La Antropología: ciencia humana, ciencia crítica**, Barcelona: Montesinos,
- Freixa C. y Canelles, N. (2008), **De Bandas latinas a asociaciones juveniles: la experiencia de Barcelona** en **García Roca, J. y Lacomba, J. La inmigración en la sociedad española.**, Barcelona: Bellaterra.,
- García Roca, J. y Lacomba, J. (2008), **La inmigración en la sociedad española.**, Barcelona: Bellaterra.,
- Gondar Portasany, M. (1993), **Crítica á razón galega.**, Vigo: A Nosa terra.,
- Lévi-Strauss, C. (1992), **Tristes trópicos.**, Barcelona: Paidós.,
- Mariño Ferro, X. R. (2000), **Antropoloxía de Galicia.**, Vigo: Xerais.,
- Martínez Veiga, U. (2001), **El Ejido. Discriminación, exclusión social y racismo.**, Madrid: Catarata.,
- Méndez, L. (1998), **Os laberintos do corpo.**, Vigo: A Nosa Terra.,
- Moreno Feliu, P. S. (1979), **Análisis del cambio en las sociedades campesinas. Un caso de estudio : Campo Lameiro Pontevedra**, Madrid: Fundación Juan March.,
- Tezanos, J.F.(Ed.) (2004)., **Tendencias en desigualdad y exclusión social.**, Madrid: Sistema.,
- Velasco, H. y Díaz de Rada, A. (1997), **La lógica de la investigación etnográfica.**, Madrid: Trotta.,
- Wolcott, H.F. (1993), **El maestro como enemigo** en **Lecturas de antropología para educadores. El ámbito de la antropología de la educación y de la etnografía escolar.**, Madrid: Trotta.,

O profesor da materia proporcionará ao alumnado un dossier de lecturas obrigatorias o primeiro día do curso, que servirá para adquirir coñecementos teórico-conceptuais e metodolóxicos e que se verán reforzados no seu traballo coas explicacións

na aula.

Recomendacións

Outros comentarios

É preciso que o alumnado lea o material recomendado polo profesor antes de asistir ás exposicións maxistras e de debate na aula; que manteña un nivel de estudo autónomo semanal, co fin de que as aprendizaxes vaian asimilándose pouco a pouco e acade así unha madurez e coñecementos satisfactorios; e recoméndase tamén que o alumnado comece os traballos canto antes para que os contidos teórico-conceptuais vaian madurando e gañando en complexidade na propia aprendizaxe. Por último, o alumnado non debe ler os materiais de maneira illada, senón que é preciso que estableza as pertinentes conexións entre uns e outros temas, e entre os distintos materiais que vaia consultando. Respecto aos traballos que terá que presentar o alumnado, lémbrese que non está permitido o plaxio e a comprobación de que este existe invalidará os traballos presentados.
